


## O RAPOSO E O LOBO

O raposo e o lobo, xunto co coiote, o fenec e o chacal, son **cánidos salvaxes**, logo está o Dingo australiano que é semisalvaxe, incluso pode que estivera domesticado algunha vez.

**Os raposos** atópanse en todo o mundo, poden vivir no deserto,



na montaña e incluso na cidade. Aliméntanse de animais pequenos, paxaros, galiñas e o que atópan no lixo. Viven en manadas mentres teñen fillos pequenos, logo viven sós ou en parellas.

**O lobo** é o can salvaxe máis coñecido por nós, inda que tamén nos é moi familiar o raposo. Vive en montes e bosques.



A pesar da mala fama que ten, o lobo non é un animal cruel, caza para comer; necesita comer moita carne, uns 10 Kg, en cada comida, así que ten que cazar e cando non hai comida pode pasar máis dunha semana sen comer.

A pesar de crenza de moita xente, o lobo non ataca ó home, de feito, o lobo tenlle medo ó home e fuxe del. Tampouco ouvea para asustar á ninguén, faino para comunicarse con outros lobos, por eso, cando se oe ouvear o lobo, normalmente non se oe un so, óense varios e desde distintos puntos. O ouveo do lobo pódese oír a máis de 10 km.



Vive uns 12 anos. Cando chega a esa idade, os seus dentes canteiros están estropeados e non pode cazar nin comer.

O lobo é unha especie en vía de extinción, quedan poucos lobos. En España a maioría deles están en Galicia, tamén hai lobos en Castela-León, logo quedan algúns, pero moi poucos, por todo o Norte, en Estremadura e en Andalucía.

Tamén hai lobos en Asia e Norteamérica.

O lobo pode alcanzar a velocidade de 65 Km/h pero por pouco tempo. É o máis grande da familia dos cánidos, o seu tamaño medio é de uns 80 cm de altura e uns 60 kg de peso. O lobo máis grande que existe é o lobo branco do Canadá, pode pesar ata uns 80 kg.

## COMPRENSIÓN

### 1. Eixe a opción ou opcións correctas:

O lobo

- É un can salvaxe
- É un animal cruel
- Tenlle medo ó home
- Ouvea para comunicarse
- Caza por diversión
- Está en perigo de extinción
- Ouvea para asustar

O raposo

- Poder vivir nas cidades
- Aliméntase de herbas
- Come galiñas
- Vive na montaña
- Vive sempre en manadas

### 2. Contesta:

¿Cales son os principais cánidos salvaxes?

¿Que é o Dingo?

¿A que distancia se pode oír o ouveo do lobo?

¿Por que o lobo non pode vivir máis alá dos 12 anos?

¿Cal é o lobo máis grande? ¿Canto pode pesar?

### **3. Completa:**

En España a mayoría dos lobos están en ..... , tamén  
hai lobos en ..... e quedan algúns en .....

Fora de España podemos atopar lobos en .....

## **ACTIVIDADES**

### **1. Escribe correctamente:**

Olo bo éo cansal va xe má isco ñe ci do pornós

Olobo po de corr ermo ito pe roporpou co tem po

Ou be a par acom unicar se conou troslobos

**2. Completa coas palabras do recadro:**

fillos, raposos, cidade, parellas, desertos, atopan, montañas, sós,  
viven, animais, manadas, lixo

Os ..... poden vivir nos ....., nas .....  
ou ata nunha ..... Aliméntanse de ..... pequenos,  
e do que ..... no ..... Mentre teñen .....  
pequenos ..... en ....., logo viven ..... ou en  
.....

**3. Completa estas palabras coas vocais que lles faltan.**

l\_b\_

c\_\_\_t\_

r\_p\_s\_

d\_s\_rt\_

\_n\_m\_l

m\_n\_d\_

\_xt\_nc\_\_n

\_\_v\_\_r

d\_ng\_


**4. A ver se eres quen de atopar 7 diferencias entre estos dous debuxos:**



## 5. Atopa e sinala a palabra repetida:

España	<b>raposo</b>	CIDADE	parella	raposo
desert	DINGO, DESERTO, RAPOSO, LOBO, CHACAL, FENEC, COIOTE, GALICIA, MANADA, CÁNIDO			
manada	RAPOSO		lobo	coiote
<i>raposo</i>	fenec	chacal	GALICIA	raposo
	<i>Andalucía</i>	dinao	<i>raposo</i>	

## 6. Busca na sopa de letras:



## 7. Escribe o que din estas frases:

O raposo e o lobo viñto co coíote e outros son cánidos salvaxes

.....

O lobo pode alcanzar a velocidade de 65 Km/h

**8. Relaciona:**

- |                     |                     |
|---------------------|---------------------|
| O chacal            | de animais pequenos |
| O lobo non          | están en Galicia    |
| A maioría dos lobos | correr a 65 Km/h    |
| O raposo aliméntase | é un cánido salvaxe |
| O lobo pode         | ataca ó home        |

**9. Lee o texto e logo escribe o que di pero con outras palabras.**

A  
pesar  
da mala fama  
que ten, o lobo non é un animal  
cruel, caza para comer; necesita comer moita  
carne, uns 10 Kg, en cada comida, así que ten que cazar  
e cando non hai comida pode pasar máis dunha semana sen comer

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

10. ¿Sabes o conto de Carapuchiña vermella?

Ela aparece como a boa do conto e o lobo o malo. Vas volver a escribir o conto de Carapuchiña pero no teu conto, o bo vai ser o lobo e a mala a Carapuchiña.



.....